

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE 1 PRAZA DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA PRESTACIÓN DA OBRA/SERVIZO MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO, Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN XUNTA-ENTIDADES LOCAIS PARA FOMENTO DO EMPREGO.

Este Concello solicitou subvención para a contratación, en réxime temporal, e de conformidade cos "Programas de Cooperación" (regulado pola Orde de Orde de 29 de febreiro de 2012 da Consellería de Traballo e Benestar, de diferentes traballadores. Entre estes, se atopan **UN/HA OFICIAL 2ª ELECTRICISTA A TEMPO PARCIAL**, destinado a prestar a/o obra/servizo **MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO**, Segundo se establece na mencionada Orde, o Servicio Galego de Colocación remitirá a correspondente relación de candidatos, recaendo no Concello a competencia para efectuar a selección entre estes.

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar a praza mencionada, e establece-los criterios para a súa selección.

-A praza ofertada, ten as seguintes características:

- **1 oficial 2ª electricista**

1. Duración: 6 MESES
2. Xornada: TEMPO PARCIAL 75% : 6 horas/día
3. Retribucións Salariais:

Salario Bruto incluída prorratea pagas extras	1000,41 €
Seguridade Social- Cota patronal	388,16 €

-O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Traballo fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

-Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

1º. Aproba-la correspondente oferta de emprego da praza antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que previamente remita ó Concello o Servicio Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida tamén o Servicio Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Traballo.

2º. Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, sendo imprescindible a categoría referente a cada

posto, e tendo en conta a posibilidade de aumentala puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Posuí-lo certificado de escolaridade, graduado escolar ou equivalente

BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

A) Formación especializada

Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, ata un máximo de 3 puntos, baremados do seguinte modo:

- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso
- Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
- Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso
- Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
- Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
- Curso de máis de 500 horas: 0.50 puntos/curso

- Por xornadas, seminarios ou congresos: 0.05 puntos/xornada, seminario ou congreso.

Por estar en posesión do carné de instalador eléctrico homologado 2 puntos

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos.

B) Coñecemento de galego

Polo coñecemento acreditado do idioma galego(só se valorará o grao superior alegado)

- Por estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente : 0.15 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 2 (validable por EXB)ou equivalente: 0.25 puntos.
- Por estar en posesión do CELGA 3 (validable por ESO ou FPI) ou equivalente : 0.40 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 4 (validable por BUP ou FPII) ou equivalente : 0.50 punto.

C) Circunstancias persoais

1. Nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias: 2 puntos (a puntuación máxima outorgarase ós candidatos que acrediten menor nivel de protección). (Acreditarase mediante certificado de prestacións emitido pola Oficina de Emprego ou certificado de prestacións emitido pola Seguridade Social)

2. Situación de desemprego : 1 punto

Sendo a puntuación de 0.05 puntos por mes en situación de desemprego. Acreditarase mediante certificado emitido pola Oficina de Emprego

3. Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: 2 puntos (0,5 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental)

BASES TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Covelo, antes do día 05 de setembro, sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 09:00-14:00 h.
- sábados: 10:00-13:00 h.
 - Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I

- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos (Anexo III)
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada.

BASE CUARTA: ENTREVISTA :

Finalizada a fase de valoración dos méritos acreditados polos aspirantes o tribunal celebrará unha entrevista coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Nesta fase de entrevista poderase realizar ós candidatos unha comprobación práctica dos coñecementos nas funcións a desenvolver.

Esta entrevista valorarase ata un máximo de 1.5 puntos.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos :

Tal e como se establece na Orde de 29 de febreiro de 2012 da Consellería de Traballo e Benestar, o Servicio Galego de Colocación remitirá ó Concello a relación de candidatos, de acordo co disposto no artigo 11 da Orde de 29 de febreiro do 2012 e terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3) Persoas paradas de longa duración.
- 4) Persoas con discapacidade.
- 5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- 6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

A entrevista será o día 11 de setembro ás 12 horas no Concello e os aspirantes deberán acudir provistos da documentación que queren que se valore, tódolos méritos que se aleguen acreditaranse con copia dos títulos ou certificacións orixinais. O/a traballador/a seleccionada deberá compulsar tódolos documentos previamente a súa contratación

BASE QUINTA: PROCEDIMENTO:

Os méritos apreciaranse pola Comisión Seleccionadora á vista do curriculum enviado polo Servicio Galego de Colocación, o resto de datos curriculares recollidos polos candidatos na súa solicitude, e da entrevista persoal que se lles fará.

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos, a entrevista, e a proba práctica de aptitude, serán propostos para a praza.

Os candidatos que resulten propostos pola Comisión seleccionadora deberán probalos méritos tidos en conta na proposición e que non figurasen no currículo remitido polo Servizo Galego de Colocación, mediante a presentación da documentación oportuna. Caso de non face-lo así, será proposto o seguinte clasificado na valoración feita pola Comisión Seleccionadora.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez de *ata o remate do Servizo*, integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

BASE SÉPTIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:


- Presidente: A Secretaria- Interventora da Corporación María Jesús Rodríguez Freire ou persoa en quen delegue
- Vocais:
 1. O encargado de vías e obras ou persoa en quen delegue
 2. A Axente de Desenvolvemento Local do Concello ou persoa en quen delegue.
 3. O auxiliar de desenvolvemento local ou persoa en quen delegue
- Secretario: O funcionario auxiliar adscrito a tesourería , ou persoa en quen delegue

BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ,

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza
- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

Covelo, 22 de agosto de 2012



Asdo.: José Costa Díaz

ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto de DNI nº
..... con enderezo en nº..... piso.....
C.P..... Localidade..... Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a do posto de traballo que o Concello de Covelo pretende cubrir para
.....

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria
2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprométo-me a someterme ás
bases que o regulan.

Xunto coa instancia, achego a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade)
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente (Anexo II das Bases)
- Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos (Anexo III das Bases)
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempregado emitido pola Oficina Pública de Emprego
- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida
- Copia do carné de conducir
- Relación de méritos que se presentan:

Covelo, dede 2012

Asdo: 

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto de DNI nº
..... con endereço en nº..... piso.....
C.P..... Localidade..... Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado /a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

Non caso de ser nacional doutro Estado , de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido á sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

Covelo,de2012

Asdo:

ANEXO III
DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS
PERCIBIDOS

D/a.....provisto de DNI nº
 con endereço en nº..... piso.....
 C.P..... Localidade..... Municipio.....
 Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

1º Ter o meu cargo as seguintes persoas

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS

2º Que a data de presentación desta instancia e de acordo co especificado nas bases, percibo os seguintes ingresos que non constante na restante documentación achegada:

En caso de non percibir outro tipo de ingresos , facelo constar na presente declaración

Covelo,de de 2012